



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/07/2008 13:10  
Nº Rexistro: 30301  
Data envío: 11/07/2008 13:10:18.123

## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en Comisión, relativa á denegación decidida polo Goberno español de cambios temporais de modalidade para a captura de quenlla a embarcacións pesqueiras galegas.

Entre os meses de Maio e Agosto, dependendo das condicións do ano, o Goberno español viña autorizando a diversas embarcacións pesqueiras galegas o correspondente cambio de modalidade á arte do palangrillo para a captura de quenlla.

A utilización desta arte estaba suxeita a unha serie de limitacións, como a prohibición de captura de peixe espada, remisión semanal de datos de captura, así como o número máximo de anzois e a lonxitude permitida do aparello.

Moitas embarcacións galegas de baixura viñan utilizando desde hai anos esta posibilidade, que mesmo contribuía á diversificación e alivio do esforzo pesqueiro nas nosas augas interiores mentres se dedicaban a esta pesca. Trátase, ademais, dunha especie –a quenlla– que nesas épocas de verán atravesaba o noso litoral (a unha distancia aproximada de 15 millas, na nosa plataforma continental), e que é capturada para o seu aproveitamento íntegro, a diferenza doutras frotes que unicamente aproveitan a aleta (polo valor no mercado), desfacéndose do resto do exemplar capturado.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Estamos a falar, portanto, dunha frota galega de baixura que captura quenlla de xeito artesanal e cun escaso esforzo pesqueiro, que diversifica a actividade extractiva no noso litoral e da que dependen centos de mariñeiros.

Neste contexto, resulta difícil de comprender a decisión do Goberno español (na altura a través do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación) de publicar a Orde APA/2521/2006, de 27 de Xullo, pola que se regula a pesca coa arte de palangre de superficie para a captura de especies altamente migratorias e pola que se cría o censo unificado de palangre de superficie. Esta decisión supón a denegación automática das solicitudes de cambio de modalidade e, portanto, a prohibición de que estes buques poidan faenar como o viñan facendo historicamente.

Estes buques non son palangreiros de superficie, e as capturas de quenlla (insistimos: non de peixe espada) que realizan son escasas, ridículas, en comparación con outras frotas. Sería bo que o Goberno español reconsiderara a decisión adoptada, modificando a Orde sinalada no sentido xa indicado. A día de hoxe, buques doutras nacionalidades están a pescar, diante do noso litoral, o que se lle nega á nosa propia frota.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.<sup>a</sup>) Que avaliación realiza a Consellaría de Pesca e Asuntos Marítimos desta decisión do Goberno español?

2.<sup>a</sup>) Cantos buques galegos viñan solicitando este cambio de modalidade?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

3.<sup>a</sup>) A que portos pertencen?

4.<sup>a</sup>) Non é certo que sempre contaron co informe favorábel da Consellaría de Pesca no proceso de tramitación perante o Goberno español?

5.<sup>a</sup>) Cal é a cantidade estimada de capturas de quenlla que viñan realizando?

6.<sup>a</sup>) Que medidas se adoptarán en defensa dos dereitos históricos desta frota de baixura na captura de quenlla?

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2008.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 11/07/2008 13:09:46**